

Férveda de San Paio-Entrecruces



Igrexa de Sta. María de Rus



Férveda de Ramil-Rus

Carballo, moito máis que unha cidade na Costa da Morte!

Promotor do sendeiro



CONCELLO DE CARBALLO



PR-G 142


Ruta das Férvedas

A Brea - San Paio de Entrecruces

Ruta homologada no ano 2010

Sinalizada. Ciclable nun 90%

Sinais do sendeiro



RECOMENDACIÓNS XERAIS:

Respecte o entorno: nin ruído, nin lixo


Prohibido facer lume

En caso de urxencia chame ao



PR-G 142

Ruta das Férvedas



www.carballo.org



PR-G 142: Ruta das Férvedas

A ruta comenza no lugar de A Brea, para seguidamente descender e cruzar o Río de Rosende. A continuación comenza unha pequena ascensión ata Carracedo, para de seguido introducirse o sendeiro nunha zona de bosque de parcelaría, ata chegar á primeira derivación da ruta, que levará o sendeiro ata a aldea de Vivente, onde se encontra a **Capela de Nosa Sra. Dos Remedios**. Moi preto, e fora do sendeiro sinalizado atopase a **Igrexa de Santa María de Ardaña**, e o **Cruceiro**, que data do 1797.

De novo na ruta principal o sendeiro diríxese agora á aldea de A Pena, a uns 200 m. antes de entrar na aldea deixamos á dereita a variante do sendeiro, a chamada "Variante da Peniqueira", a cal bordea o Monte da Peniqueira e pasa pola aldea de Gastrar, xuntándose coa ruta principal moi preto da aldea de Betris.

Desde A Pena comenza unha leve ascensión que levará ao cruce do Coto do Castro, donde sae a segunda derivación que leva ao **Coto do Castro**, un Castro todavía sen escavar, pero no que se poden observar os muros defensivos e a forma do Castro. Continuando coa derivación o camiño descende cara una estrada, e desde alí (opcionalmente) pódese chegar ao Pazo de Vilar de Francos (o Pazo máis importante do Concello de Carballo) que se encontra a pouco máis de 1 Km.

Retornando ao sendeiro principal, comenza o descenso ata chegar á Variante da Peniqueira. Seguidamente e entre bosques chégase á estrada de Ramil, onde se encontra a terceira derivación que vai ata a **Férveda de Ramil**. É unha boa opción e ben vale a pena a súa visita.

Voltando de novo a ruta, o camiño ascende e cruza o Rego da Férveda. Pouco a pouco vai gañando altura e chega ata o lugar de A Férveda, desde alí descenderá de novo ao Rego da Férveda onde se encontran ao carón do sendeiro o Muíño e a Fonte das Varelas. A ruta segue por bosques de piñeiros e chega as inmediacións de Casal de Perros, onde unha frecha indica a presenza da **Igrexa de Santa María de Rus** (fora do sendeiro sinalizado), construída entre os séculos XVII e XVIII. De traza barroca, presenta na súa fachada trazas do neoclasicismo imperante ao seu remate, no século XIX. As obras foron dirixidas por Tomás del Río, quen tamén participou na construción da catedral de Santiago de Compostela. No seu interior sobresaen especialmente a imaxe da Asunción, atribuída a Rodeiro, e a imponente cruz parroquial de prata, dun metro de altura.

De novo no sendeiro, crúzase o Rego de Casal de Perros por uns pasos de pedras, e de novo volta ao bosque. Agora o sendeiro lévanos a aldea de Pazos, para chegar a Entrecruces, terra de cesteiros, aínda quedan algúns artesáns que venden os seus produtos na Feira de Carballo. Alí pódese contemplar o cruceiro e a **Igrexa de S. Xens de Entrecruces**, do século XVIII. Ten planta basilical, á que se lle engadiron dous corpos laterais. A fachada principal ten forma pentagonal na que se abre unha porta rectangular enmarcada con dúas columnas e rematada nunha cornisa con dous pináculos nos extremos. No vértice superior levántase o campanario de base cuadrangular, sobre o que se asenta o corpo das campas rematado en cúpula. No seu interior destaca o retablo maior de estilo Barroco.




O roteiro continúa polos lugares de A Altiboa, Outeiriños, A Charrúa e A Redonda, onde comenza un ascenso para introducirse no monte de Merelle, para descender de novo e atravesar o lugar de Férveda, onde se crúza o Río de Outón pola Ponte Grande.

Os poucos metros, o roteiro chega á cuarta derivación que levará o viaxeiro ata a **Férveda de Entrecruces**, a máis importante da Comarca. Esa derivación vai pola beira do río Outón. É posible observar o típico bosque de ribeira, nel abundan os ameneiros, salgueiros, freixos, estripos, abeleiros e loureiros, entre outras especies. Nas proximidades da ferverza aínda poden verse os restos de antigos muíños de auga e, incluso, dunha pequena central hidroeléctrica que abasteceu ao Concello tempo atrás, a partir de 1915. E por fin chégase a contemplar un dos espectáculos máis fermosos que a natureza lle regalou á Comarca, o abondoso caudal do río Outón. Especialmente no inverno e na primavera, precipítase dende unha altura de máis de corenta metros. Forma así un cachón de espuma e auga que, antes de chegar ao fondo, rompe en dous para abrazar a rocha negra do leito do río. Durante algunhas épocas do ano - especialmente coas enchentes do inverno - é aconsellable o uso de botas. Este salto pode verse dende a estrada que une Carballo con Santiago, no ascenso á coñecida como costa de Anzeriz. Está rodeado dunha espesa vexetación que lle confire un gran valor paisaxístico e ecolóxico.

Voltando ó sendeiro chégase ó Cruceiro e a **Capela de San Paio de Entrecruces**, o gótico apréciase aínda na bóveda da Ermida. O Carón da Capela encóntrase unha Área Recreativa sendo este o lugar donde remata a ruta.

Perfil da ruta



Perfil da variante

